



ELECCIÓN DOS REPRESENTANTES DE ALUMNOS/AS AO CONSELLO ESCOLAR

CONVOCATORIA

De acordo coa RESOLUCIÓN do 20 de setembro de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se establece o calendario para a celebración de eleccións de membros dos consellos escolares de centros docentes sostidos con fondos públicos (DOG do 29/09), a XUNTA ELECTORAL deste Centro, en virtude das atribucións que lle son conferidas pola lexislación vixente, dispón a convocatoria de eleccións ao Consello Escolar, **SECTOR DE ALUMNOS/AS**, segundo as seguintes normas:

1. De acordo co disposto no artigo 41 do Decreto 324/1996, do 26 de xullo (DOG do 09/08/1996), redactado conforme ao establecido na disposición adicional terceira.1 do Decreto 7/1999, do 7 de xaneiro (DOG do 26), corresponde elixir no presente proceso electoral a **3 alumnos/as**, dun total de 4 que debe ter o Consello Escolar. O/A outro/a representante do alumnado continúa como consecuencia da súa elección anterior no ano 2018.

2.- Son electores todos os alumnos/as ou matriculados no Centro e incluídos no Censo correspondente que a partir do día da data está exposto no taboleiro de anuncios. As reclamacións ao referido Censo realizaranse mediante escrito razoado dirixido á Xunta Electoral, ata as 14:00 horas do día 17 de novembro.

3.- Son elixibles os alumnos/as que formulen a súa candidatura oficial segundo o modelo que se facilitará na Secretaría do Centro. As candidaturas poderán ser presentadas ata as 14:00 horas do citado día 12 de novembro.

4.- O sorteo dos membros da mesa electoral realizarase en acto público, entre os alumnos/as que non se presenten como candidatos/as, o día 18 de novembro, ás 12:15 horas. Dita mesa electoral estará composta polo Director do Centro, que actuará como Presidente, e dous alumnos/as, actuando de secretario/a o de menor idade.

5.- A campaña electoral comprenderá dende o 18 ao 22 de novembro, ambos días inclusive. As dependencias e servizos do Centro estarán a disposición dos candidatos/as, previa petición ao presidente/a da Xunta Electoral, sempre que o seu uso non altere o normal funcionamento educativo do IES. A véspera das votacións, non se poderá facer campaña electoral.

6.- Poderán actuar como supervisores da votación os/as alumnos/as que estean avalados/as cando menos pola sinatura de 10 electores/as.

7.- As votacións realizaranse neste IES o **día 24 de novembro, de 9:30 a 12:00 horas**. A mesa electoral será constituída o mesmo día, en acto público, ás 9:20 horas.

8.- Na papeleta de votación cada elector/a fará constar un máximo **2 nomes** dos candidatos presentados. O voto será directo, secreto e non delegado e non se admitirá o voto por correo.

9.- Finalizada a votación procederase ao escrutinio dos votos, que será público, e unha vez realizado, levantarase acta para ao seu envío a Xunta Electoral do Centro.

10.- A Xunta Electoral do Centro resolverá as dúbidas e reclamacións que se poidan formular.

Meira, 3 de novembro de 2021
O PRESIDENTE DA XUNTA ELECTORAL,

Asdo.: Mario Outeiro Iglesias